

A ÁRBORE DE KANT

Racionalismo e irracionalismo na fundación da Galicia moderna

Manuel Forcadela

MANUAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO, 68

Forcadela, Manuel

A árbore de Kant: racionalismo e irracionalismo na fundación da Galicia /
Manuel Forcadela

Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2017
118 pp.; 17x24 cm. - (Manuais da Universidade de Vigo; 68)

D. L. VG 175-2017 - ISBN 978-84-8158-731-9

1. Nacionalismo -- Galicia -- Historia -- 20º siglo 2. Ideas políticas -- Galicia --
Historia -- 20º siglo I. Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións, ed.

323.17(461.1)

329.17(461.1)

Edición

Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo

Edificio da Biblioteca Central

Campus de Vigo

36310 Vigo

Tlf.: 986812235

sep@uvigo.es

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2017

© Manuel Forcadela

Printed in Spain - Impreso en España

D.L.: VG 175-2017

ISBN: 978-84-8158-731-9

Deseño e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Introdución

O presente traballo desenvolve unha investigación centrada no contraste entre dous grandes núcleos de ideas. Investigación no sentido de levar a cabo as dilixencias necesarias para tentar descubrir algo novo mais tamén no de afondar no coñecemento dun determinado tema.

En primeiro lugar botaremos man da xa manida oposición entre Estado e Nación. O Estado en tanto que poder para ditar leis e facelas cumprir, unha estrutura de carácter vertical e piramidal. A Nación en tanto que forza, un magma de carácter horizontal, que aspira sempre a lexitimarse en forma de Estado porque existe unha identidade entre os seus membros que precisa trasladarse ao terreo das formas políticas. O Estado como a representación actualizada da loita de clases. A Nación como o escenario sobre o que se leva a cabo a loita de clases.

A contraposición entre Nación e Estado non deriva, por tanto, da existencia de numerosas nacións sen estado ou de, tamén numerosos, estados plurinacionais, senón da certeza de que, mesmo naqueles estados unacionais, nación e estado son entes substancialmente diferentes.

Un Estado pode adoptar a forma de República ou Monarquía, ser democrático ou ditatorial, imperial ou colonial... A Nación, porén, non coñece tales variacións nas súas formas. O seu devalar polo tempo é o produto doutras oscilacións menos concretas e que é necesario contemplar a través da cultura.

Desde Herder a Unamuno, desde Walter Benjamin a Otero Pedrayo ven-se insistindo na necesidade de historiar de xeito diferente a Nación e o Estado. O Estado coñece a historia como o relato da sucesión das súas diferentes estruturas compositivas. De feito ese é o modo de actuar do denominado historicismo burgués, un amoreamento infinito de precisións con respecto á sucesión das diferentes etapas da loita de clases. Para a nación desenvolveuse o concepto de intrahistoria. Se a historia aspiraba a contar-nos o carácter caduco do estado, a forma en que os imperios e os reinados, os esplendores e os triunfos, foron pasando e devalando, a intrahistoria soña con contar-nos o carácter "eterno", ou cando menos moito máis dilatado no tempo, da nación.

En segundo lugar, e como outro importante núcleo de ideas que contrapon ao anterior, e por estraña que poida parecer a asociación, un conxunto de reflexións tomadas da teoría literaria e da narratoloxía arredor do chamado pacto autobiográfico. O feito de que no xénero autobiográfico non haxa ningún elemento externo ou formal que o distinga, e teña que ser, por tanto, a suspensión da incredulidade do lector a que dea lugar ao xénero, levounos novamente á consideración de canto hai de social nos fenómenos literarios e da enorme importancia que teñen as literaturas na consolidación e mantemento dos imaxinarios nacionais.

Poderíamos concluír, precipitadamente, que o relato da nación non existe sen pacto autobiográfico e que é preciso crer na nación para poder crer no relato da nación. Non hai historia sen suxeito por máis que o suxeito remate por ser tamén a súa propia historia. Habería, con todo, dous discursos claramente antagónicos: o do Estado que quere ser (e que se supón xa) Nación e o da Nación que quere construír o seu propio Estado. O Estado construíndo a Nación por medio da vontade. A Nación promovendo a construción legal dunha suposta esencia. Voluntarismo fronte a Esencialismo. Ernest Renan fronte a Maurice Varrés.

A época de cambio de século, entre o XIX e o XX, desvélanos unha serie de detalles de enorme significación no momento actual, nesta encrucillada de crise sistémica que semella non ter fin. E velaí que xorde un heroe que nos acompañará ao longo do noso percorrido: Adrián Solovio, o personaxe da novela de Ramón Otero Pedrayo *Arredor de si*.

A burguesía rebelde e revolucionaria que se manifestou na primeira metade da historia de España do século XIX muda por completo despois da Primeira República Española e da posterior Restauración. Pasa de ser unha burguesía vindicativa a ser unha burguesía de mercado. Aprende que para os seus intereses é mellor que as formas políticas estean supeditadas ás formas económicas. O feito de que nin sequera a República conseguise un acordo federal fai que a Restauración incremente o seu pulo centralista. O interese vai residir agora na formación dun verdadeiro mercado a través do cal deseñar as redes para a realización de importantes transaccións económicas, vendas e compras, importacións, exportacións. Para iso é preciso unha paz política e social que lle outorgue estabilidade a ese mercado. E isto vai implicar necesariamente novos aires culturais e literarios.

A xeración española que se vai ocupar desa mudanza é a que coñecemos como “Generación del 98”. O seu principal interese vai radicar na construción teórica e ideolóxica da “nación española”, ese proceso que máis adiante Inman Fox denominará “la invención de España”.

Unha das nosas hipóteses de traballo é xustamente que o nacionalismo galego de principios do século XX non é máis que (ou é entre outras moitas cousas) unha reacción perante o inapropiado nacionalismo español dese mesmo período.

Mais o curioso e o paradoxal do asunto é que mentres a burguesía de mercado vaise rodear dun ambiente cultural e de pensamento radicado no positivismo neo-kantiano, as novas xeracións de escritores van medrar ao abeiro dunha reacción anti-positivista e irracionalista, que é consecuente co abandono do realismo-naturalismo e a adopción do novo modelo finisecular e modernista.

Non é descabelado sinalar que a renovación da literatura galega que tamén se produce nesa época se sitúa igualmente á sombra deste ambiente, enfrontado ao realismo-naturalismo da época anterior.

Creemos que esta é unha consideración básica á hora de comprender e valorar o conxunto da literatura galega do período Nós: comprendela como unha proposta estética radicalmente contraria ao modelo de prácticas textuais que entra en crise en España a partir de 1902 e, por tanto, moi influída por este novo modelo.

A medio camiño entre o positivismo e o racionalismo encóntrase a paisaxe, un dos grandes protagonistas culturais desta época. A paisaxe entendida como o legado de sucesivas xeracións que foron deixando marcada a súa impronta sobre o territorio e converténdose por tanto nunha das probas máis tanxibles desa intrahistoria da que falabamos.

A paisaxe, ademais, convértese na narrativa modernista nun correlato obxectivo do interior do personaxe. Trátase dun dos mecanismos básicos da narrativa simbolista e poderíamos describilo en termos narratolóxicos como o uso reiterado da función simbólica do espazo narrativo. Análise da paisaxe, presenza da paisaxe no interior do espírito a partir da evocación dos elementos culturais que esa paisaxe desvela, transcendentalización da paisaxe como lugar no que se opera a conexión entre a terra e o home, o

espazo no que as xeracións foron deixando a súa pegada colectiva sobre a natureza. Otero analiza, evoca e interpreta. Bota man do coñecemento mais tamén da intuición, ese punto intermedio entre a intelixencia e o instinto, como quería Bergson.

Para Azorín, “el paisaje somos nosotros; el paisaje es nuestro espíritu, sus melancolías, sus placideces, sus anhelos, sus tártagos” (1917: 43). Este “nós somos a paisaxe” ou, o que vén ser o mesmo, “a paisaxe somos nós” resulta central en toda a teorización de Otero ao respecto de Galicia.

O método de Adrián Solovio é, neste sentido, totalmente azoriniano, como veremos, aínda que agora invertido. Podemos falar, pois, de Solovio como unha parodia de Azorín.

Unha das claves do pensamento oteriano vai ser a vinculación entre españolismo e Kant. Podémolo observar unha e outra vez nas disquisicións intelectuais de Solovio que Otero transcribe. Ao falar sobre si mesmo menciona o feito de que “El chegaría a entender a Kant en alemán”. E esta oposición entre racionalismo kantiano e irracionalismo bergsoniano aparece vencellada á oposición entre españolismo e galeguismo.

Fronte a Kant aparece, por tanto, a figura de Henri Bergson, tamén mencionado unha chea de veces ao longo do texto oteriano. Como é ben sabido Bergson viu en Kant ao asasino da metafísica, aínda que, en grande medida, a proposta kantiana non deixa de ser unha tentativa de salvar a metafísica. E, probablemente, as críticas de Bergson a Kant non estaban tanto dirixidas a el como aos seus intérpretes e defensores da Escola de Marburgo, os neokantianos.

Para Solovio o conflito entre Bergson e os neokantianos é, tamén, o conflito entre periferia e centralismo e, dese xeito, o conflito entre Galicia e Madrid. É o Bergson do *pas encore*, o “aínda non”, referíndose ao carácter verdadeiramente cosmopolita de Madrid. O cosmopolitismo, por tanto, pode estar na periferia. Non no centralismo. Algo así como un cosmopolitismo irracionalista de periferia, por singular que poida resultar a declaración, acaso non moi afortunada, mais que reúne todos os elementos sobre os que é preciso reflexionar. Velaí unha da claves do nacionalismo (conservador) galego contemporáneo.

Cobran, dese xeito, protagonismo a imagoloxía, a análise do discurso, unha narratoloxía de implicacións hermenéuticas, unha teoría da descrición aplicada á paisaxe e en especial o diálogo implícito entre as series literaria, filosófica, estética, historiográfica e ideolóxica nunha tentativa de iluminación cruzada que ofrece, sen dúbida, rendemento discursivo e analítico nun marco xeral que, por radicarse non fóra dos límites do campo ensaístico, admite ben eses procedementos. A discursividade, a argumentación, mesmo a diversificación de atencións (Azorín, Ganivet, Baroja, Unamuno, Rosalía, Risco, Castelao, Nietzsche, Schopenhauer, Kant, Leibniz, Bergson...) tentan encaixar entre si á procura dun doado seguimento por parte do lectorado e tamén dunha grata e iluminadora experiencia lectora.

Mais antes de adentrármonos en máis disquisicións que acaso poidan confundir ao lector, comecemos.

Entre nós e nosoutros, o percurso dunha xeración

Como é ben sabido *Arredor de si* é considerado un dos poucos textos autobiográficos publicados da Xeración Nós.

Xunto a “Dos nosos tempos”, de Florentino López Cuevillas, “Nós, os inadaptados” de Vicente Risco ou *Retrincos* de Afonso Daniel Rodríguez Castelao, e algúns outros textos como *Mitteleuropa* de Vicente Risco ou *Diario 1921* de Castelao, forma parte do moi selecto núcleo de páxinas que tenden a darnos unha visión, en grande medida idealizada, do proceso de formación destes autores e do seu encontro con Galicia. Unha mirada focalizada desde a propia ollada dos seus protagonistas.

Mais este carácter autobiográfico do texto oteriano podería ser posto en suspensión por diversos motivos.

En primeiro lugar por motivos de natureza fundamentalmente narratolóxica. De feito, o narrador de *Arredor de si*, bota man dun focalizador (corpo e conciencia que perciben e interpretan o mundo, o primeiro a través dos seus sentidos e, a segunda, a través dunha cultura personalizada) denominado Adrián Solovio, personaxe que corporifica non só un espazo-tempo determinado, o da Galicia do período Nós, senón tamén un proxecto actancial determinado, aquel proxecto de vontade que resulta dun consenso ideolóxico acadado ao longo do período Nós entre os diversos grupos políticos empeñados no proxecto nacional galego.

E entendamos a expresión “proxecto actancial” ao xeito greimasiano como un deseño de vontade que se pode simplificar como aquel que pretendería a disolución das polarizacións entre dous complexos semánticos tradicionalmente enfrontados: neste caso e por unha banda e desde a perspectiva da temporalidade, o conflito entre tradición e modernidade, e, por outra, e desde a perspectiva do espazo, o conflito entre o autóctono e o alleo. Adrián Solovio é a tentativa da disolución dos litixios conceptuais entre o moderno e o tradicional e entre o autóctono e o alleo. Adrián é a un tempo tradicional e moderno, a un tempo autóctono e alleo.

En segundo lugar, porque o personaxe de Adrián Solovio, tendo moito de Ramón Otero Pedrayo, desde unha certa perspectiva da anécdota e da referencialidade, resulta ser moito máis que o propio Otero Pedrayo, na medida en que tamén ten trazos doutros moitos dos membros do Cenáculo Ourenseño, como ben nos advertiu o propio Vicente Risco nas páxinas finais de “Nós, os inadaptados”, e, desde outra perspectiva, resulta ser moito menos, na medida en que pretender restrinxir a complexa personalidade de Otero Pedrayo aos poucos trazos manifestados polo seu personaxe, non deixa de ser unha forma moi fraudulenta de reducir o propio autor.

Ademais, *Arredor de si*, podendo ser só interpretada desde a perspectiva autobiográfica, non é, en puridade, un texto autobiográfico, toda vez que o seu narrador non asume como modelo de enunciación o que poderíamos denominar autodiéxese, seguindo a proposta terminolóxica elaborada por G. Genette, que é de común emprego na narratoloxía contemporánea, e si manexa, pola contra, o modelo da heterodiéxese, circunstancia esta que vincula cando menos o modelo de enunciación ao discurso novelesco tradicional, que parte da construción dun imaxinario literario distanciada da voz que leva a cabo a execución do discurso do relato.

Quere dicirse tamén que o tempo da enunciación, isto é, o tempo histórico desde o que se escribe, non é o mesmo que aqueloutro tempo histórico sobre o que se escribe, isto é, o tempo da ficción. Esta non contemporaneidade, este non escribir sobre aquilo mesmo que se está a vivir, é, curiosamente, un trazo tamén compartido polos outros textos sinalados liñas atrás, (“Dos nosos tempos”, de Florentino López Cuevillas, “Nós, os inadaptados” de Vicente Risco ou *Retrincos* de Afonso Daniel Rodríguez Castelao), de maneira que esta circunstancia da autodiéxese, concepto que xa contén o da contemporaneidade, de xulgármola necesaria para a caracterización do discurso autobiográfico só se cumpriría en textos como o *Mitteleuropa* de Vicente Risco ou o *Diario de 1921* de Castelao, moito menos empregados á hora de elaborarmos o relato canónico do que foi a formación da Xeración Nós.

Cabería, por tanto, establecermos dous tipos cando menos de relato autobiográfico:

- O que se leva a cabo desde a inmediata contemporaneidade, de xeito que o tempo da enunciación e o tempo da ficción son coincidentes. Sería o caso do diario. Vou ver un museo e á saída escribo

as miñas impresións sobre a visita. Pensemos no *Mitteleuropa* de Risco e o *Diario 1921* de Castelao.

- O que se leva a cabo desde o distanciamento temporal, de maneira que o tempo da enunciación e o tempo da ficción estean separados por unha certa diferenza cronolóxica. Pensemos nas memorias de Lois Tobío en que se relatan, desde a perspectiva de moitos anos despois, algúns dos acontecementos berlineses que tamén relatara Risco. Ou pensemos, sen máis, en *Retrincos*.

Tanto nun como noutro caso teríamos que ver se se leva a cabo unha actancialización directa, co nome e os apelidos do narrador real, ou faise a través de personaxe interposto.

Neste segundo caso interesa saber ata que punto o personaxe é realmente un trasunto do autor ou é unha actancialización que, por unha banda, amplía e, por outra, resume, o proxecto de vontade do ser humano realmente existente nun momento dado. Xorden aquí dous novos conceptos: o de autoficción e o de pacto autobiográfico. Non hai ningún trazo formal ou inherente que poida ser considerado propio da autobiografía. Nin a escrita en primeira persoa, nin o carácter confesional, nin a vontade de seguir un percurso temporal semellante ao da persoa biografada. A autobiografía precisa da suspensión da incredulidade por parte do lector, da fé, da crenza.

E velaí unha pregunta que xorde desde este contexto de reflexión: pódese escribir sobre algo que non sexa o propio tempo? Cando se escribe sobre outro tempo déixase por iso de escribir sobre o tempo presente? Non está a marca de historicidade do tempo de enunciación sempre presente sobre calquera tempo de ficción? Sabemos que si. A historia da literatura remítenos unha e outra vez a exemplos que nos demostran que a evocación de calquera pasado non deixa de ser unha crónica do tempo presente. As biografías de Colón, por poñermos un único exemplo, demóstrannos que non é o mesmo personaxe cando se describe desde o barroco que desde a ilustración ou desde o romantismo. Solovio sitúase, por tanto, nese complexo territorio intermedio que linda, por unha banda, coa crónica (auto) biográfica e, por outra, coa ficción. Solovio fálanos de como foi a formación dos homes do Cenáculo Ourensán mais tamén nos fala de como eses homes gustaban de contemplarse a si mesmos ao ollar cara á súa mocidade desde as alturas da madurez. Solovio é todo imaxinario. Solovio é ideoloxía. Solovio é unha proposta de pacto de autoficción.

Velaí, por tanto, un posible punto de partida. Solovio como unha constructo que, alén de conter referencias ben concretas aos autores de Nós, en xeral, e do Cenáculo Ourensán, en particular, é, sobre todo, unha idealización, unha ficción que nos presenta ao personaxe en perfecto estado de revista. Quérese dicir que Solovio é unha invitación ideolóxica, unha tese, unha hipótese de traballo, unha botella lanzada ao mar cunha mensaxe diáfana e congruente á espera de encontrar alguén disposto a lela. Solovio é, máis ca unha memoria, un proxecto por vir. Mais non nos aventuremos aínda en conxecturas, máxime cando, de entrada, o método polo que se encamiñarán inicialmente estas páxinas, non deixa de ser historicista. Contentémonos, pois, polo de agora, con cinxírmonos a esta idea: Solovio como un compendio dos proxectos de mocidade dos homes de Nós.

O primeiro en sinalar este feito foi Vicente Risco cando en 1933, no seu artigo “Nós, os inadaptados”, escribiu:

Ora, o problema é como sendo com'eramos e coma somos, individualistas, inadaptados, antisocias, antigregarios, introvertidos, poidemos vir parar n-unha cousa que semella tan cotián e gregaria, como é o nacionalismo galego, que na esencia é a afirmanza teimosa e forte da grei galega.

A resposta está dada, moito mellor do qu'eu poidera facelo, por Ramón Otero Pedrayo na súa novela Arredor de si.

Arredor de si, mais qu'unha novela, é a autobiografía non d'un soilo home, senón dun agrupamento, case d'unha geración. É a autobiografía do cenáculo do autor ao que eu pertencín tamén. Pol-o seu mesmo individualismo, pol-o seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andivo tod'o tempo dando voltas arredor de si –e cada un arredor de si mesmo– sen atoparse endejamais de todo.

Deberíamos ver, por tanto, todos estes textos definidos tradicionalmente como autobiográficos facendo fincapé nunha característica particular: son o resultado dun proceso de idealización que parte da comprensión do importante papel que cada un destes escritores estaba a ter (ou quería ter) na formación da personalidade moderna de Galicia.

Que ese proceso de idealización, mais tamén de concreción, teña un nome de personaxe, Adrián Solovio, fai recaer sobre el moitas das olladas, tornándoo o depositario imaxinario, o alter-ego ficcional de toda unha xeración de escritores, porque Solovio é, e quixo ser desde a súa mesma concepción, un compendio de todos os intelectuais do grupo Nós, os mozos

que chegaron á adolescencia co inicio de século e que iniciaron a difícil deriva cara ao final da Primeira Guerra Mundial, ese momento no que, en todas as interpretacións por eles escritas, todo cambia, establecéndose un antes e un despois no ambiente social e na cultura da Europa da época. Porque Solovio, sendo un alter ego e, por tanto, unha abstracción, é tamén, un compendio, unha colleita de anécdotas e impresións e estados de espírito que remite ao Otero que foi, mais non só a ese Otero, de tal maneira que, como o propio Risco sinalaba liñas atrás, son moitos os outros escritores e membros do Cenáculo Ourensán, ou da Xeración Nós en sentido máis amplo, que aí se senten representados.

Solovio é, por tanto, o punto de confluencia de varios complexos semánticos que teñen que ver co desenvolvemento do nacionalismo galego durante o primeiro cuartel do século XX.

É certo tamén que *Arredor de si* é unha novela de formación. Tamén é certo que é unha novela de viaxes. Mais sendo unha cousa e outra, tamén é certo que é unha novela de pensamento que debuxa un momento da biografía intelectual do seu protagonista. Unha novela, por tanto, intensamente culturalista. Unha novela sobre a interpretación da paisaxe. Unha novela sobre como se xera unha ideoloxía (galeguismo). E tamén unha novela sobre como se defende ese galeguismo fronte a outra ideoloxía (españolismo) radicalmente contraria e antagónica.

Teríamos que ver que entendemos por culturalismo. Se entendemos por culturalismo a substitución da natureza pola cultura daquela tería sentido facer a reflexión que leva a cabo Terry Eagleton (2001: 141):

El culturalismo, sin embargo, no sólo es un credo sospechosamente útil para los propios intelectuales culturalistas, sino que en algunos casos es un credo inconsistente, puesto que tiende a deplorar lo natural al mismo tiempo que lo reproduce. Si todo es realmente cultura, entonces la cultura desempeña exactamente el mismo papel que la naturaleza, y nos resulta igual de natural. Esto puede valer de alguna cultura particular, pero lo que el culturalismo reitera es que, en algún sentido, todas las culturas son arbitrarias.

Mais cremos que non debemos confundir o feito de que *Arredor de si* sexa unha novela (sobre)cargada de referentes culturais ou o feito de que Otero fose un home sumamente culto co feito de que realmente defendese unha posición culturalista. Non é exactamente iso o que defende Otero. E

non é a súa unha percepción da cultura como civilidade, ao xeito burgués, a cultura como formación amoreada logo dunha etapa intensa de estudos, a cultura, por tanto, como privilexio e como trazo social distintivo, senón, e sobre todo, a cultura como identidade.

E dáse o paradoxo de que, para achegarse a esa segunda perspectiva da cultura, vai precisar botar man da formación máis erudita e da investigación máis requintada. Temos, por tanto, un culturalismo identitario no sentido de que só desde a ideoloxización da cultura recibida, desde a análise crítica da cultura recibida, moitas veces como propaganda, é posible o encontro con esoutra cultura recibida como herdo, como patrimonio, atinxible mais tamén inatinxible, da propia nación.

Temos, pois, en Otero a un activista cultural no sentido máis rigoroso do termo. Activista no sentido de que a súa relación coa cultura non é unha relación pasiva, de mero receptor, senón, antes ben, a relación de quen a analiza con criterio crítico. *Arredor de si* é, por tanto, unha análise da cultura recibida, por imperativo legal, da cultura “nacional” española, e é, tamén, unha resposta desde Galicia a esa recepción.

E velaí unha das nosas principais hipóteses de traballo: o nacionalismo galego de principios do século XX é unha reacción perante o inapropiado nacionalismo español dese mesmo período, un proxecto cultural, político e social que se vai impregnando de sentido a medida que se advirte o insólito do proxecto nacional español que, por esas mesmas datas, se planea desde a chamada Xeración do 98. *Arredor de si* é a crónica dun intelectual de provincias que, logo de tentar entender ese proxecto, reacciona fronte a el, incapaz de concibir nel outra lóxica intelectual que a da falacia. Contrasta, por tanto, a naturalidade do nación galega fronte á artificiosidade do proxecto nacional do Estado Español.

Ochoa Michelena (2007: 195) sinala os vínculos estreitos entre a Xeración do 98 e o nacionalismo español, enmarcando os esforzos das novas elites, que se debatían entre un nacionalismo de corte liberal e outro de corte tradicionalista, por difundir o sentimento nacionalista entre a xeralidade da sociedade española nun tempo que se podería definir como o que vai desde a celebración do terceiro centenario da publicación do Quixote en 1905 (o ano en que Otero chega a Madrid para cursar os seus estudos universitarios) e a Segunda República, pasando pola Exposición Universal de Barcelona de 1929. Mais será o traslado dos restos de Ángel Ganivet des-

de Riga a Granada en 1925 durante a Ditadura de Primo de Rivera cando a figura do esquecido patriota autor do *Idearium Español* se converta nun símbolo “nacional” da “dor de España”. Ganivet, como é sabido, suicidárase en Riga, onde exercía como embaixador, en 1898, logo dun proceso de delirio comezado coa perda das últimas colonias españolas. Estamos, pois, no momento en que ese nacionalismo español, que permanecera agochado ao longo de todo o século XIX comeza a dar sinais de existencia, preludiando, aos poucos, o seu esplendor posterior, cando, asociado ao ideario fascista, desate, finalmente, a traxedia, a partir de 1936. Será, pois, esta Xeración do 98, inventada en grande medida por Ortega, a que se manifeste como primeiro gran síntoma dese proceso entón incipiente.

O interesante de *Arredor de si*, novela que, por outra banda, foise convertendo nunha das novelas que máis análises e visións interpretativas ten xerado ao longo dos últimos anos, en parte debido ao seu carácter de clásico da nosa literatura contemporánea... o interesante de *Arredor de sí*, dicimos, é a proposta teórica que comporta, proposta que demanda unha lectura detallada e minuciosa do texto.

Esta proposta teórica da que falamos está intimamente vinculada, por unha banda, co resto da obra literaria oteriana e, por outra banda, co macrotexto producido pola época en que Otero viviu, un conxunto impresionante de textos que comportan a construción dunha imaxe concreta de Galicia mais, tamén, dun diagnóstico sobre esa imaxe.

En primeiro lugar temos o feito de que Otero é un narrador diferente porque procede dun mundo cultural e social diferente. Se temos en conta a data do seu nacemento (1888), encontrámonos con que estes autores son, en moi grande medida, discípulos directos daqueles outros que, dentro da tradición literaria española, compuxeron a denominada Xeración do 98. De feito Otero reside en Madrid (de 1905 a 1912 realiza estudos de Filosofía e Letras, sección de Historia, ao mesmo tempo que de Dereito; logo pasa tempadas máis ou menos longas ata 1919, en que aproba, ao terceiro intento, as oposicións a Catedrático de Xeografía e Historia de Instituto) no momento en que a moda literaria cambia para abandonar definitivamente o naturalismo, representado por Valera, mais tamén pola Pardo Bazán ou por Galdós ou por Leopoldo Alas Clarín, morto prematuramente en 1901, ou por Vicente Blasco Ibáñez. Nese ano de 1902 (Otero tiña entón catorce anos e non chegará a Madrid ata tres anos máis tarde, cando xa a reno-

vación se espalle e comece a levedar) prodúcese a publicación de catro novelas que van facer variar ostensiblemente o panorama da novela española do seu tempo: *Sonata de Otoño*, de Ramón María del Valle Inclán, *La voluntad* de José Martínez Ruíz, *Amor y Pedagogía* de Miguel de Unamuno e *Camino de Perfección* de Pío Baroja.

Non é descabelado sinalar que Otero se sitúa como narrador á sombra deste grupo e deste ambiente, enfrontado ao realismo-naturalismo da época inmediatamente precedente. Como tampouco é descabelado sinalar que nunca estivo na vontade de Otero converterse nun escritor de novelas ao xeito galdosiano e que o seu modelo de escrita, o seu estilo, bebe claramente deste ambiente de época, ambiente que podemos sintetizar *grosso modo* baixo o epígrafe de modernista. O que vén ser o mesmo que dicir anti realista-naturalista.

Creemos que esta é unha consideración básica á hora de comprender e valorar o conxunto da obra oteriana: comprendela como unha proposta estética radicalmente contraria ao modelo de novela que entra en crise a partir de 1902 e, por tanto, moi influída por ese novo modelo. O Otero narrador bebe das fontes da novela española de 1902, entre moitas outras. Pedirlle que se comporte como un narrador realista, ao estilo dun Galdós, por exemplo, é non comprender o sentido do seu proxecto intelectual. Por iso non ten sentido comparar *Os Camiños da Vida* con *Los Episodios Nacionales* galdosianos. E isto xa non só polo tamaño, polo número de páxinas, senón tamén pola intención. Pois aínda que escribe unha chea de textos sobre o S XIX e que, en conxunto, poderían ser considerados como unha verdadeira historia novelada da Galicia dese século, tanto en conxunto como por separado, o certo é que o proxecto de Otero é moi distinto, empezando polo estilo.

Pois, sendo por idade pertencente a unha xeración posterior, e sendo ademais un escritor galego e galeguista, o seu proxecto e os resultados dese proxecto tamén son esencialmente diverxentes.

Temos, por tanto, un escritor que, pouco antes de 1930, ano en que se publica a novela, leva a cabo a construción dunha ficción situada, en Madrid e noutros lugares, no período que vai desde o ano en que remata a carreira (1912) e o ano en que aproba as oposicións (1919) a cátedras de Xeografía e Historia de Instituto.

Temos que ter en conta que a ficción risquiana en *O porco de pé* sitúase entre 1918, ano en que comeza a posguerra da Primeira Guerra Mundial, e o 1923, cando se inicia a Ditadura de Primo de Rivera. Se admitimos un certo parentesco entre o doutor Alveiros, personaxe de Vicente Risco en *O porco de pé*, e Adrián Solovio, poderíamos sinalar que Adrián Solovio é, desde o punto de vista cronolóxico, anterior ao doutor Alveiros. Se tivéssemos, por tanto, que facer un percorrido cronolóxico pola historia de Galicia a partir das ficcións novelescas deberíamos ler en primeiro lugar *Arredor de si*, mesmo para entendermos o proceso de formación do doutor Alveiros, e, despois, *O Porco de Pé*. Na primeira das obras mencionadas teríamos descrito o tempo histórico que remataría, máis ou menos, en 1916, data da fundación das Irmandades da Fala, e na segunda, o período que se inicia ao remate da Primeira Guerra Mundial e que se fecha co inicio da Ditadura de Primo de Rivera.

Non debemos esquecer ademais que esas Irmandades da Fala, fundadas en 1916, responden ao mesmo ambiente de época que Solovio. Encontrámonos, por tanto, cunha etapa cronolóxica enormemente rendible desde o punto de vista ficcional: a segunda metade da década dos anos dez. Ese momento en que o mundo cambia irremisiblemente e en que esa mudanza dos tempos é percibida desde ángulos tan diferentes en principio aos de Otero como aqueles de Walter Benjamin que sinala en diferentes escritos a sensación de momento de transformación histórica que para el supón o inicio da República de Weimar.

